

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

8606 *Resolución do 30 de xullo de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se realizan diversas adaptacións do Plan xeral de contabilidade pública á Administración Institucional do Estado e pola que se modifica a Resolución do 28 de xullo de 2011, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo.*

A Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, aprobou un novo Plan xeral de contabilidade pública (en diante PXCP), co carácter de plan contable marco para todas as administracións públicas.

A Instrución de contabilidade para a Administración institucional do Estado, aprobada mediante a Orde EHA/2045/2011, do 14 de xullo, regula na súa regra 3 a aplicación do PXCP ás entidades ás cales lles sexa de aplicación esa instrución.

Neste sentido, no punto 1 da dita regra establécese que o rexistro das operacións contables se realizará con suxeición ao marco conceptual da contabilidade pública e ás normas de recoñecemento e valoración que se establecen no PXCP, e co que se dispoña ao respecto nas normas de desenvolvemento e adaptacións deste que elabore a Intervención Xeral da Administración do Estado.

Así mesmo, no punto 2 da dita regra establécese que as anotacións contables se realizarán utilizando o desenvolvemento en contas de primeira orde (tres díxitos) previsto no cadro de contas do PXCP e que a utilización de contas de primeira orde non recollidas nel requirirá autorización expresa da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Por último, no punto 4 da citada regra establécese que as contas anuais se formarán e aprobarán segundo o disposto no título V da Lei xeral orzamentaria, nos títulos IV e V da Instrución e nas demais disposicións que sexan de aplicación.

Por outra parte, no punto 1 da referida regra 3 establécese que, para as entidades contables cuxo orzamento de gastos teña carácter estimativo, ou cando as especiais características de determinada entidade así o requiran, a Intervención Xeral da Administración do Estado elaborará a oportuna adaptación do PXCP.

Neste sentido, a Resolución do 28 de xullo de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo, regula a adaptación das partes cuarta, «Cadro de contas», e quinta, «Definicións e relacións contables», do PXCP a tales entes, así como a adecuación a eles das contas anuais que se regulan no capítulo 2.º do título IV da Instrución de contabilidade para a Administración institucional do Estado.

Por tanto, a aplicación do PXCP polos entes cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo presenta as seguintes especialidades:

– No que respecta á aplicación das partes primeira e segunda do PXCP, éelles aplicable o regulado con carácter xeral para as entidades da Administración institucional do Estado.

– No relativo ás súas contas anuais, éelles aplicable o establecido no capítulo 2.º do título IV da Instrución de contabilidade para a Administración institucional do Estado coas adecuacións reguladas no ordinal cuarto da Resolución do 28 de xullo de 2011, que aproba a súa adaptación.

– No relativo ás partes cuarta e quinta do PXCP –cadro de contas e definicións e relacións contables– éelles aplicable o regulado nos ordinais segundo e terceiro da Resolución do 28 de xullo de 2011 que aproba a súa adaptación.

Por iso, o ordinal primeiro desta resolución, que regula as adaptacións do PXCP á Administración institucional do Estado, só é parcialmente aplicable aos entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo, tal e como se establece no seu punto un.

En concreto, excluíronse os ditos entes da aplicación dos puntos tres, catro e cinco do ordinal primeiro, xa que as modificacións que neles se realizan deben regularse, no caso de tales entes, mediante modificación da Resolución do 28 de xullo de 2011 que aproba a súa adaptación, o que se fixo no ordinal segundo desta resolución.

Esta resolución estrutúrase en dous puntos e nunha disposición derradeira que regula a súa entrada en vigor.

No ordinal primeiro, dividido en cinco puntos, régulanse diversas adaptacións do PXCP ás entidades integrantes da Administración institucional do Estado.

No punto un establécese o ámbito de aplicación dese ordinal, que será o previsto na regra 1 da Instrución de contabilidade para a Administración institucional do Estado, coa excepción dos puntos tres, catro e cinco, que non serán de aplicación a aquelas entidades da Administración institucional do Estado cuxo orzamento de gastos teña carácter estimativo, polo sinalado anteriormente.

No punto dous régúlase a adaptación da norma de recoñecemento e valoración 2.^a, «Inmovilizado material», co fin de que a activación de gastos financeiros soamente se permita nos inmovilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estaren en condicións de uso.

No punto tres régúlase a adaptación do modelo do balance, co fin de modificar a súa localización nel da subconta 5586, «Gastos realizados con provisións de fondos para pagamentos a xustificar pendentes de aprobación», de acordo coa adaptación realizada na definición da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», no punto cinco.2 do ordinal primeiro desta resolución.

Nos puntos catro e cinco régulanse as adaptacións do «Cadro de contas» e das «Definicións e relacións contables», respectivamente, co fin de engadir a conta 417, «Anticipos de prestación de servizos», para rexistrar nunha conta específica tales anticipos, e de modificar a definición da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa».

A creación da conta 417, «Anticipos de prestación de servizos», que non está prevista no PXCP, foi solicitada por unha entidade pertencente á Administración institucional do Estado. Non obstante, considerouse adecuada a súa apertura con carácter xeral para posibilitar a súa utilización por todas as entidades incluídas no ámbito de aplicación do ordinal primeiro desta resolución.

No ordinal segundo, dividido en dous puntos, modifícase a Resolución do 28 de xullo de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo.

No punto un modifícase o ordinal terceiro desa resolución, co fin de modificar a definición da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», no mesmo sentido que se fai no punto cinco do ordinal primeiro desta resolución para as restantes entidades da Administración institucional do Estado.

No punto dous modifícase o ordinal cuarto, «Adecuación das contas anuais», desa resolución, co fin de modificar a localización no balance da subconta 5586, «Gastos realizados con provisións de fondos para pagamentos a xustificar pendentes de aprobación», de acordo coa adaptación realizada na definición da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», no punto un deste ordinal segundo.

Por último, cómpre sinalar que para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo non é necesario habilitar na súa adaptación unha conta específica para o rexistro dos anticipos por prestación de servizos, equivalente á 417 habilitada para o resto de entidades, xa que en tal adaptación se eliminou o subgrupo 41 integrándoo na conta 420, «Acredores por operacións derivadas da actividade». Por tanto, nesta conta

deberanse rexistrar estes anticipos, para o cal poderán habilitar unha divisionaria específica se o consideran oportuno.

O punto 1.b) do artigo 125 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, atribúelle á Intervención Xeral da Administración do Estado a competencia para aprobar a normativa de desenvolvemento do Plan xeral de contabilidade pública e os plans parciais ou especiais que se elaboren conforme este.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Adaptacións do Plan xeral de contabilidade pública á Administración institucional do Estado.*

Un. *Ámbito de aplicación.*

As adaptacións do Plan xeral de contabilidade pública (PXCP) que se regulan neste punto serán aplicables ás entidades a que se refire a regra 1 da Instrución de contabilidade para a Administración institucional do Estado, aprobada pola Orde EHA/2045/2011, do 14 de xullo.

Porén, os puntos tres, catro e cinco non serán de aplicación a aquelas entidades da Administración institucional do Estado cuxo orzamento de gastos teña carácter estimativo.

Dous. *Adaptación da norma de recoñecemento e valoración 2.^a, «Inmovilizado material».*

No punto 3, «Activación de gastos financeiros», da norma de recoñecemento e valoración 2.^a, «Inmovilizado material», engádese un primeiro parágrafo co seguinte contido:

«Nos inmovilizados que necesiten un período de tempo superior a un ano para estaren en condicións de uso, as entidades poderán incorporar ao prezo de adquisición ou custo de produción os gastos financeiros que se devindicasen con anterioridade á súa posta en condicións de funcionamento, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.»

Tres. *Adecuación do modelo de balance.*

No modelo de balance realízanse as seguintes adaptacións:

1. Na partida 2, «Outras contas a cobrar», da epígrafe B.III, «Debedores e outras contas a cobrar», do activo, substitúese a conta 558 polas subcontas 5580, 5581, 5584 e 5585.

2. Na partida 2, «Outras contas a pagar», da epígrafe C.IV, «Acredores e outras contas a pagar», do pasivo, engádese a subconta 5586.

Catro. *Adaptación do «Cadro de contas».*

Engádese ao «Cadro de contas», na posición que corresponda, a conta 417, «Anticipos de prestación de servizos».

Cinco. *Adaptación das «Definicións e relacións contables».*

Realízanse as seguintes adaptacións nas «Definicións e relacións contables»:

1. Inclúese a conta 417, «Anticipos de prestación de servizos», na posición que corresponda, co seguinte contido:

«417. Anticipos de prestación de servizos.

Recole os anticipos recibidos á conta da prestación de servizos futura.

Figurará no pasivo corrente do balance na epígrafe C.IV “Acredores e outras contas a pagar”.

O seu movemento é o seguinte:

- a) Aboarase xeralmente polo importe do anticipo recibido con cargo á conta 430 "Debedores por dereitos recoñecidos. Orzamento de ingresos corrente".
- b) Cargarase cando se devindique a prestación de servizos con aboamento xeralmente á conta 705, "Prestacións de servizos".»

2. O segundo parágrafo da definición e relacións contables da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», terá a seguinte redacción:

«Figurarán no activo corrente do balance na epígrafe III, "Debedores e outras contas a cobrar", excepto a subconta 5586, que figurará na epígrafe IV, "Acredores e outras contas a pagar", do pasivo corrente.»

Segundo. *Modificación da Resolución do 28 de xullo de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo.*

A Resolución do 28 de xullo de 2011, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aproba a adaptación do Plan xeral de contabilidade pública para os entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo, queda modificada nos seguintes termos:

Un. No ordinal terceiro, «Adaptación da quinta parte do PXCP aos entes públicos cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo», créase a epígrafe D) co seguinte contido:

«D) Outras modificacións.

– A definición da conta 558 terá a seguinte redacción:

558. Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Recolle a situación e os movementos dos fondos librados para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa a favor de caixeiros pagadores integrados organicamente na entidade contable.

Figurarán no activo corrente do balance na epígrafe B.III, "Debedores e outras contas a cobrar", excepto a subconta 5586, que figurará na epígrafe C.IV, "Acredores e outras contas a pagar", do pasivo corrente.

Funcionará a través das súas divisionarias.

O contido e movemento das subcontas que comprende é o seguinte:»

Dous. No punto A) «Adecuación do balance» do ordinal cuarto, «Adecuación das contas anuais», realízanse as seguintes modificacións:

a) Modifícase o primeiro parágrafo, que terá a seguinte redacción:

«Como consecuencia das adaptacións do cadro de contas e das definicións e relacións contables, que se regulan nos ordinais segundo e terceiro, respectivamente, desta resolución, realízanse as seguintes modificacións no modelo do balance:»

b) Modifícase o punto 2, que terá a seguinte redacción:

«2. Na partida 2, "Outras contas a cobrar", da epígrafe B.III, "Debedores e outras contas a cobrar", do activo figurarán as contas 469, (4901), 550, 555, 5580, 5581, 5584 e 5585.»

c) Modifícase o punto 9, que terá a seguinte redacción:

«9. Na partida 2, “Outras contas a pagar”, da epígrafe C.IV, “Acredores e outras contas a pagar”, do pasivo figurarán as contas 429, 550, 554, 5586 e 559.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xullo de 2014.–O interventor xeral da Administración do Estado, José Carlos Alcalde Hernández.